

“Actuación da agrupación musical Batuko Tabanka e charla informativa sobre Cabo Verde, no marco da difusión da exposición ‘Galicia-Cabo Verde. Unha irmandade’”

QUEN REALIZARÁ A ACTIVIDADE	Batuko Tabanka, agrupación musical composta por doce (12) mulleres caboverdianas radicadas en Burela, que reivindicán a música tradicional de Cabo Verde e a necesidade de difundir a cultura e tradicións do seu país dentro do tecido social galego.
PERÍODO DE REALIZACIÓN	Entre abril e decembro de 2016.
A QUEN VAI DIRIXIDA	Esta actividade está dirixida a aqueles Concellos/Deputacións integrantes do Fondo Galego interesadas en acoller a exposición “Galicia-Cabo Verde. Unha irmandade” no período comprendido entre abril e decembro de 2016.
Nº DE ACTIVIDADES OFERTADAS	Un total de 10 Concellos/Deputacións socias do Fondo Galego poderán beneficiarse desta actividade.
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	A actividade consistirá na realización dunha actuación musical de Batuko Tabanka, precedida por unha breve charla informativa sobre Cabo Verde, a súa cultura e a integración da comunidade caboverdiana existente en Burela e outros Concellos da Mariña lucense, así coma dos vínculos entre o Fondo Galego e o arquipélago. A actividade ten unha duración de 45 minutos. Se queres ver unha mostra do traballo de Batuko Tabanka preme aquí . Aconséllase a participación da/o representante política/o do Concello/Deputación na presentación da actividade, para o que a Secretaría Técnica do Fondo Galego redactará un breve texto para que poida compartir a información co público.
OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE	<ul style="list-style-type: none"> - Promover a interculturalidade e actitudes de respecto cara a poboación inmigrante - Promover o coñecemento dun país co que tradicionalmente ten cooperado o Fondo Galego - Visibilizar á comunidade caboverdiana afincada en Galicia
RECURSOS TÉCNICOS PARA REALIZAR A ACTIVIDADE	Espazo debidamente acondicionado para a realización de representacións artísticas, neste caso musicais: teatros, salas, centros culturais, etc. Precísase equipo de son e proxector, que deberá ofrecer o Concello/Deputación. Cadeiras para o público.
PRAZO E FORMA DAS SOLICITUDES	Os socios interesados deberán realizar a súa solicitude por escrito, entre o 18 de marzo e o 18 de abril de 2016, ao enderezo electrónico rmansilla@igadi.org , indicando as datas de reserva da exposición ‘Galicia- Cabo Verde. Unha irmandade’ e o interese en acoller esta actividade complementaria. Se é posible, deberase indicar tamén o lugar no que se acollerá a exposición e a data orientativa na que interesaría acoller a actuación de Batuko Tabanka. No caso de que haxa máis solicitudes que número de actividades dispoñibles realizarase unha selección no que se valorará positivamente: <ul style="list-style-type: none"> - Ter reservado a exposición ‘Galicia-Cabo Verde. Unha Irmandade’ previamente á apertura do prazo de solicitudes desta actividade complementaria. - Participación nas dúas últimas xuntanzas da RMS - Ter acollido exposicións/ciclos e cine no pasado ano - Ter incrementado a cota mínima que establece o Fondo Galego